

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL”.

A Coruña, a de maio de 2020.

REUNIDOS

Dunha banda, dona María Luísa Peña Cebreiro, con DNI 33837064Q, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada por Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG núm. 69, do 08.04.2003, que actúa en funcións de presidenta en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG núm. 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Julio Abalde Alonso, Sr. Reitor da Universidade da Coruña (UDC) nomeado segundo Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 7 , do 13 de xaneiro de 2020), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG núm. 100 do 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro de 2007 (DOG núm. 201 do 17 de outubro de 2007).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que consideran necesario colaborar na realización dun curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral, por entenderen as dúas institucións que hai necesidade de formación nesta disciplina.

Segundo.- Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou a realización na Coruña da I edición do *Curso de formación de negociación colectiva e individual no*

ámbito laboral, co propósito de fomentar a formación no eido da negociación laboral en toda a xeografía galega e, dadas as necesidades das persoas ás que está principalmente dirixido (cunha formación previa que xa están a traballar activamente), achegar o curso a quen teña interese.

Terceiro.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, que establecen a concesión directa das subvencións previstas de forma nominativa nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, resólvese, a concesión directa á Universidade da Coruña da subvención regulada neste convenio, nos termos recollidos neste e na normativa reguladora destas subvencións.

Cuarto.- Que a Universidade da Coruña se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Quinto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña para a realización da I edición do *Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral*, que se desenvolverá de setembro a novembro do ano 2020 na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Segunda.- O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso de formación, é o seguinte:

O curso permitirá ao alumnado estudar as técnicas e ferramentas clásicas de negociación e máis novas; adquirir conciencia sobre a negociación colectiva e o diálogo social institucional en Galicia e no Estado español; aprender a negociar desde fórmulas que

persigan resultados baseados na ganancia das dúas partes, a partir da análise dos intereses existentes, mais que das posicións concretas; e reparar na oportunidade que supón a negociación colectiva como ferramenta para a consecución do principio de non discriminación e igualdade por razón de xénero no ámbito das relacións laborais.

Terceira.- Posto que o fin último é a formación de profesionais nas técnicas de negociación, as persoas destinatarias do curso de Formación serán as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais.

Tamén poderán acceder ao curso as persoas con responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesoría e cadros das organizacións empresariais e sindicais e outras persoas sen titulación universitaria nas que concorran unha especial vinculación co ámbito obxecto do Curso sen que estas superen o 50% do total do alumnado.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no **Anexo** a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes, que se seleccionarán pola dirección do curso, dos que ao menos vinte serán propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. O dito número podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade da Coruña unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 09.B1.324A.44410. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

Outorgaráselles un título acreditativo ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade da Coruña, comprometéndose esta institución á tramitación do recoñecemento académico deste curso e das súas sucesivas edicións.

Cuarta.- Encoméndase a dirección do curso a don Xosé Manuel Carril Vázquez, Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da UDC e a súa codirección e coordinación a don Iván Vizcaíno Ramos, Profesor Axudante doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Ciencias do Traballo tamén da UDC.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral* mediante a achega de TRECE MIL CATROCENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 09.B1.324A.44410, denominada “À Universidade da Coruña”, na que está previsto crédito necesario e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta a este convenio.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

Sexta.- A Universidade da Coruña, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 11 de decembro de 2020, xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiar os conceptos de gasto seguintes:

Organización, coordinación e dirección do curso.

Honorarios de profesorado e relatores.

Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.
Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais, da inauguración e clausura e demais necesarios para o bo funcionamento do curso.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade da Coruña presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais, Internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade da Coruña comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- Se as autoridades sanitarias competentes deciden, sempre por posibles eventualidades do COVID-19, que non é aconsellable a docencia presencial establecida no curso, a UDC e o Consello Galego de Relacións Laborais acordarán o seguinte:

1. No caso de que o curso non teña comezado, adiárase a súa realización ata que remate a emerxencia sanitaria ou, de ser o caso, este convenio quedará sen efecto e suspenderase a realización do curso ata o ano 2021.
2. No caso de que o curso teña comezado, continuará a docencia de forma non presencial, habilitándose os medios para garantir que se imparta en líña a docencia presencial suspendida que quedase pendente de dar.

A realización do curso implicará que a Universidade da Coruña asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- A Universidade da Coruña, de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regulan en dito decreto.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décima terceira.- As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan

como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de *Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigaón legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade da Coruña, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décima cuarta.- O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décima quinta.- O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décima sexta.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde setembro de 2020, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2020.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A presidencia do Consello Galego
de Relacións Laborais,

O reitor da Universidade
da Coruña,

María Luisa Peña Cebreiro

Julio Abalde Alonso

ANEXOS

MARÍA LUISA PEÑA CEBREIRO secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2020 figura crédito na aplicación 09.B1.324A.444.10, que se considera axeitado e suficiente para satisfacer á Universidade da Coruña o importe dos gastos ocasionados pola realización da I edición do Curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral, que terá lugar desde o 16 de setembro ao 20 de novembro de 2020, nos termos establecidos no Convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela a 18 de maio de 2020.

33837064Q MARIA
LUISA PEÑA (R:
Q1500334F)

Firmado digitalmente por
33837064Q MARIA LUISA
PEÑA (R: Q1500334F)
Fecha: 2020.05.18
14:22:00 +02'00'

I CURSO DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL No ÁMBITO LABORAL

**Comezo: 16 de setembro de 2020
Remate: 16-20 novembro de 2020
Duración: 68 horas lectivas
Lugar: Facultade de Dereito UDC**

I EDICIÓN DO CURSO DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL

O Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña, conscientes da demanda pola sociedade galega de ensinanzas no eido das relacións laborais, ofertan a I EDICIÓN DO CURSO DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL.

Entre os obxectivos que se pretenden cubrir co desenvolvemento do curso encóntrase o de dotar ao alumnado dun coñecemento práctico e teórico sobre as técnicas e ferramentas de negociación clásicas e máis novas, adquirir conciencia sobre a negociación colectiva e o diálogo institucional en España e en Galicia; e aprender a negociar desde fórmulas que persigan resultados baseados na ganancia das dúas partes, a partir da análise dos intereses existentes, mais que das posicións concretas. E todo isto reparando tamén na oportunidade que supón a negociación colectiva como ferramenta para a consecución do principio de non discriminación e igualdade por razón de xénero no ámbito das relacións laborais.

O Curso concíbese como un instrumento de especialización e perfeccionamento profesional dos Grados en Dereito, Ciencias do Traballo e Ciencias Económicas e Empresariais, Relacións laborais, así como de responsables de xestión do persoal, de relacións laborais e de asesorías e cadros de organizacións sindicais e empresariais.

Diríxese o Curso, principalmente, a cantos pretenden unha formación en materia de negociación colectiva, e tamén individual, integral, tanto xurídica como técnica. Soporte de tal finalidade é o tratamento e a exposición dos temas cunha orientación práctica, axustada á realidade empresarial, xudicial e administrativa.

Tales ensinanzas distribúense ao longo de tres partes teórico-prácticas, que se complementan con dúas conferencias a cargo da doutrina científica mais salientable, e unha cuarta parte de intercambio de experiencias cun un taller práctico final, nos que intervirán as organizacións sindicais mais representativas, a Confederación de Empresarios de Galicia e persoas cunha dilatada experiencia na mediación de conflitos colectivos de traballo.

A superación do curso permite obter un diploma de aproveitamento, expedido pola Universidade da Coruña, ao formar parte aquel da oferta de estudos de formación continua da citada Universidade.

CALENDARIO

Os días lectivos do **Curso** son os sinalados no calendario. As clases impartiranse na **Facultade de Dereito**, na Coruña, en horario de tarde, de **16.00 a 20.00h**.

O alumnado debe ter en conta, ao matricularse, que **os días ou horario sinalados para a celebración das sesións ordinarias poden experimentar algunhas variacións** por circunstancias eventuais que afecten á súa organización. Tales variacións serán sempre anunciadas con suficiente antelación aos asistentes. Ao comezo de cada mes natural entregarase unha relación dos temas e dos seus correspondentes relatores.

CLASES PRESENCIAIS (4 horas por sesión)							
Mes	Lun	Mar	Mer	Xov	Ven	Sáb	Dom
Setembro 2020		1	2	3	4	5	6
	7	8	9	10	11	12	13
	14	15	INAUGURACIÓN	17	18	19	20
	21	22	23	24	25	26	27
Outubro 2020	28	29	30				
				1	2	3	4
	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
Novembro 2020	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	29	30	31	
							1
	2	3	4	5	6	7	8
	9	10	11	12	13	14	15
	16	17	18	19	20	21	22
	23	24	25	26	27	28	29

PERÍODOS PARA FACER OS MÓDULOS EN LIÑA							
Mes	Lun	Mar	Mer	Xov	Ven	Sáb	Dom
Setembro 2020		1	2	3	4	5	6
	7	8	9	10	11	12	13
	14	15	16	17	18	19	20
	21	22	23	24	25	26	27
Outubro 2020	28	29	30				
				1	2	3	4
	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
Novembro 2020	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	29	30	31	
							1
	2	3	4	5	6	7	8
	9	10	11	12	13	14	15
	16	17	18	19	20	21	22
	23	24	25	26	27	28	29

- Día 16 de setembro: 2 horas en liña.
- Semana do día 28 setembro ao 2 de outubro: 4 horas en liña.
- Semana do día 5 ao 9 de outubro: 6 horas en liña.
- Semana do 12 ao 16 de outubro: 2 horas en liña.
- Semana do 2 ao 6 de novembro: 2 horas en liña.
- Semana do 9 ao 13 de novembro: 2 horas en liña

PROGRAMA

O curso consta de 68 horas lectivas: 50 horas presenciais e 18 en liña.

Parte primeira (28 h.)

Concertación social e negociación colectiva

Parte segunda (8 h.)

Comunicación e intelixencia emocional

Parte terceira (20 h.)

Aspectos estratéxicos da negociación

Parte cuarta (6 h.)

Os acordos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos e individuais

Parte quinta (6 h.)

Análise de casos reais e práctica

PARTE PRIMEIRA: CONCERTACIÓN SOCIAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA (28 HORAS)

- I. Participación institucional e concertación social (concepto, experiencias, o papel dos sindicatos e axentes sociais, especial referencia a Galicia –histórica e actual-...) (2 horas)
- II. A negociación colectiva no modelo constitucional e legal español: (26 horas)
 1. Marco xeral (2 horas)
 2. A negociación colectiva estatutaria:
 - a. Suxeitos negociadores (lexitimación inicial, deliberante e decisoria) (2 horas)
 - b. Estrutura da negociación colectiva, unidades de negociación e concorrencia de convenios (4 horas)
 - c. Duración dos convenios, denuncia, prórroga e ultraactividade (2 horas)
 3. A negociación colectiva e igualdade de xénero (2 horas)
 4. A negociación colectiva extraestatutaria e informal. (2 horas)
 5. Procedemento de negociación. O deber de negociación de boa fe. Análise de xurisprudencia e casos prácticos (2 horas)
 6. Puntos críticos dos convenios e acordos colectivos (salario, tempo de traballo, seguridade e saúde) (4 horas)
 7. A inaplicación de convenios (2 horas)
 8. Interpretación e aplicación dos convenios. Comisións Paritarias. Proceso de conflito colectivo (2 horas)
 9. A xestión do convenio colectivo. Rectificacións, depósito, rexistro, impugnación de oficio, publicación (2 horas)

PARTE SEGUNDA: COMUNICACIÓN E INTELIXENCIA EMOCIONAL (8 HORAS)

- I. A comunicación como factor clave nas negociacións laborais individuais e colectivas. Comunicación verbal e no verbal. Teoría e práctica. (3 horas)
- II. A intelixencia emocional. (5 horas)

PARTE TERCEIRA: ASPECTOS ESTRATÉXICOS DA NEGOCIACIÓN (16 HORAS)

- I. A mesa negociadora, a plataforma de negociación e a banda negocial. Selección das materias importantes na negociación. (4 horas)
- II. Estilos de negociación e test de negociación. Análise individualizado do perfil negociador de cada alumno/a. (4 horas)
- III. Técnicas de negociación (8 horas)
- IV. A negociación individual: aspectos estratéxicos e de contido específicos. (4 horas)

PARTE CUARTA: OS ACORDOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS COLECTIVOS E INDIVIDUAIS (6 HORAS)

- I. O AGA (4 horas)
- II. Outros sistemas extraxudiciais de solución autónoma de conflitos individuais e colectivos: o ASAC, o SERCLA, o PRECO... (2 horas)

PARTE QUINTA : ANÁLISE DE CASOS REAIS E PRÁCTICA (6 HORAS)

- I. Experiencias en mediacións e arbitrxes (4 horas)
- II. Taller de negociación (xogo de roles) (2 horas)

CADRO DO PERSOAL DOCENTE

Compoñen o equipo docente profesorado de gran prestixio de distintas Universidades galegas e españolas e profesionais da Xudicatura, a Avogacía, e a Administración.

ALBERTO ARUFE VARELA

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña

ANTONIO BAYLOS GRAU

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Castilla-La Mancha

JAIME CABEZA PEREIRO

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo

XOSÉ MANUEL CARRIL VÁZQUEZ

Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña

BENITO COUCEIRO NAVEIRA

Director de relacións laborais e operacións de capital humano
ABANCA

M^a EMILIA CASAS BAAMONDE

Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Complutense de Madrid
Ex Presidenta do Tribunal Constitucional

DEMETRIO FERNÁNDEZ LÓPEZ

Director Territorial para Galicia da Inspección de Traballo e Seguridade Social

MARTA FERNÁNDEZ PRIETO

Decana da Facultade de Dereito de Ourense
Universidade de Vigo

JAVIER GÁRATE CASTRO

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostelas

ANA MARÍA GONZÁLEZ NEIRA

Profesora Contratada Doutora de Comunicación Audiovisual e Publicidade
Universidade da Coruña

MARÍA JESÚS HERRERA DUQUE

Avogada

MARÍA ASUNCIÓN LÓPEZ ARRANZ

Profesora contratada doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña

YOLANDA MANEIRO VÁZQUEZ

Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela

VERÓNICA MARTÍNEZ BARBERO

Directora Xeral de Traballo
Ministerio de Traballo

JESÚS MARTÍNEZ GIRÓN

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña*

NORA MARTÍNEZ YÁÑEZ

*Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo*

MARÍA TERESA PIÑEIRO OTERO

*Profesora Contratada Doutora de Comunicación Audiovisual e Publicidade
Universidade da Coruña*

ANA POUSO LIJÓ

*Xefa da Unidade Especializada de Seguridade Social da Inspección de Traballo e Seguridade Social de
Pontevedra*

BLANCA OTERO OTERO

Avogada

SERGIO RAIA DELGADO

*Director of Conflict Services
Butts Associates Conflict Management & Dispute Resolution*

EMMA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

*Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo*

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA

Xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de A Coruña

IVÁN VIZCAÍNO RAMOS

*Profesor Axudante Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña*

SECRETARÍA TÉCNICA

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Algalia de Abaixo, 24

15781 Santiago de Compostela

Teléfono: (981) 95.74.89 (de 9.00 a 14.00 h.)

E-mail: formacion.cgrrl@xunta.gal

Web: <http://www.cgrrl.gal>